

19484 LEI 36/2002, do 8 de outubro, de modificación do Código civil en materia de nacionalidade. («BOE» 242, do 9-10-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Desde a promulgación do Código civil en 1889, a regulación xurídica da nacionalidade, concibida como vínculo político e xurídico que liga unha persoa física co seu Estado, foron obxecto de sucesivas reformas, motivadas, unhas veces, pola necesidade de adapta-la lexislación a novas realidades que xurdiron, e outras, a partir de 1978, pola esixencia de dar cumprimento ós mandatos da Constitución española. En concreto, ha de terse ben presente o encargo que contén o seu artigo 42 cando lle encomenda ó Estado a misión de velar pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro, á que se lle engade a obriga de orienta-la súa política cara ó seu retorno. Facilita-la conservación e transmisión da nacionalidade española é, sen dúbida, unha forma eficaz de cumprir este mandato e este é o principal obxectivo da presente lei.

II

Neste sentido, introduciuse no artigo 20 a posibilidade de que as persoas das que o pai ou a nai fose orixinariamente español e nacido en España poidan optar pola nacionalidade española sen límite de idade. Deste modo, dáse cumprida resposta, por un lado, á recomendación contida no informe publicado no «Boletín Oficial de las Cortes Generales» o 27 de febreiro de 1998, elaborado pola Subcomisión do Congreso dos Deputados, creada para o estudo da situación dos españois que residen no estranxeiro e, por outro, ás reclamacións que estes lle fixeron chegar ó Consello da Emigración pedindo que se superase o sistema de prazos preclusivos de opción establecidos sucesivamente polas leis 18/1990, 15/1993 e 29/1995.

Na mesma orde de cousas, modificouse o artigo 24 para establecer un sistema que lle permitise ó que se atopase nalgún dos supostos contemplados no punto 1 dese artigo, e antes de que se cumprise o prazo establecido no 2, impedi-la perda que, doutra forma, se producía automaticamente ó transcorrer-lo prazo establecido. En coherencia con todo iso, reformouse igualmente o artigo 25, do que ademais desapareceu o suposto de perda da nacionalidade como pena, ó non contemplarse xa esta no Código penal.

Nesta mesma liña, suprimiuse do artigo 26 o requisito de renunciar á nacionalidade anterior, posto que isto supoñía na práctica un obstáculo insuperable para a recuperación da nacionalidade española. Desta forma, aténdese á esixencia contida no punto seis da moción aprobada polo Pleno do Congreso dos Deputados o 18 de outubro de 2000, sobre medidas para mellorar, xurídica e economicamente, a situación dos emigrantes españois.

III

Por outro lado, considerouse conveniente facer nos textos vixentes as melloras técnicas que a experiencia

acumulada na aplicación deles, a actividade lexislativa acaecida desde a súa aprobación ou a xurisprudencia fixeron aconsellables e que teñen un desigual alcance.

Así, a modificación introducida no artigo 22.3 ten por obxecto deixar sentado que a residencia, para efectos de servir de base para a adquisición da nacionalidade española, ha de ser efectiva, resolvendo así as dúbidas acerca de cómo había de interpretarse a necesidade de que fose legal e se iso comprendía ou non a residencia física. Por outro lado, a reforma é acorde coas formulacións da sentenza do Tribunal Supremo do 19 de novembro de 1998, que concibe o requisito de residir como a proba de que existe, no ánimo do interesado, a vontade de integrarse na comunidade española.

Tamén desapareceu do artigo 26.2 o requisito previo da habilitación do Goberno para a recuperación da nacionalidade española cando non se cumpriu o servicio militar ou a prestación civil substitutoria.

A disposición adicional primeira ten por finalidade adecua-los procedementos relativos á nacionalidade española á normativa da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinalándose un prazo máximo dun ano para a resolución dos expedientes, tendo en conta a complexidade que entraña a súa tramitación e resolvéndose o silencio administrativo en sentido negativo, en consideración ós efectos prexudiciais que a solución contraria habería de ter.

Por último, esta lei dítase ó abeiro da competencia que en exclusiva lle corresponde ó Estado conforme a regra 2.^a do artigo 149.1 da Constitución española.

Artigo único.

Os artigos 20, 22, 23, 24, 25 e 26 do Código civil quedarán redactados da forma seguinte:

«Artigo 20.

1. Teñen dereito a optar pola nacionalidade española:

- a) As persoas que estean ou estivesen suxeitas á patria potestade dun español.
- b) Aquelas das que o pai ou a nai fose orixinariamente español e nacido en España.
- c) As que estean comprendidas no segundo punto dos artigos 17 e 19.

2. A declaración de opción será formulada:

- a) Polo representante legal do optante, menor de catorce anos ou incapacitado. Neste caso, a opción require autorización do encargado do Rexistro Civil do domicilio do declarante, logo de dictame do Ministerio Fiscal. Esta autorización concederase en interese do menor ou incapaz.
- b) Polo propio interesado, asistido polo seu representante legal, cando aquel sexa maior de catorce anos ou cando, mesmo estando incapacitado, así o permita a sentenza de incapacitación.
- c) Polo interesado, por si só, se está emancipado ou é maior de dezoito anos. A opción caducará ós vinte anos de idade, pero se o optante non estivese emancipado segundo a súa lei persoal ó chegar ós dezoito anos, o prazo para optar prolongarase ata que transcorran dous anos desde a emancipación.
- d) Polo interesado, por si só, dentro dos dous anos seguintes á recuperación da plena capacidade. Exceptúase o caso en que caducase o dereito de opción conforme a alínea c).

3. Malia o disposto no número anterior, o exercicio do dereito de opción previsto no punto 1.b)

deste artigo non estará suxeito a límite ningún de idade.»

«Artigo 22.

1. Para a concesión da nacionalidade por residencia requírese que esta durase dez anos. Serán suficientes cinco anos para os que obtivesen a condición de refuxiado e dous anos cando se trate de nacionais de orixe de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal ou de sefardís.

2. Bastará o tempo de residencia dun ano para:

- a) O que nacesse en territorio español.
- b) O que non exercese oportunamente a facultade de optar.
- c) O que estivese suxeito legalmente á tutela, garda ou acollemento dun cidadán ou institución españois durante dous anos consecutivos, mesmo se continuase nesta situación no momento da solicitude.
- d) O que no momento da solicitude levase un ano casado con español ou española e non estivese separado legalmente ou de feito.
- e) O viúvo ou viúva de española ou español, se á morte do cónxuxe non existise separación legal ou de feito.
- f) O nacido fóra de España de pai ou nai, avó ou avoa, que orixinariamente fosen españois.

3. En tódolos casos, a residencia haberá de ser legal, continuada e inmediatamente anterior á petición.

Para os efectos do previsto na alínea d) do número anterior, entenderase que ten residencia legal en España o cónxuxe que conviva con funcionario diplomático ou consular español acreditado no estranxeiro.

4. O interesado deberá xustificar, no expediente regulado pola lexislación do Rexistro Civil, boa conducta cívica e suficiente grao de integración na sociedade española.

5. A concesión ou denegación da nacionalidade por residencia deixa a salvo a vía xudicial contencioso-administrativa.

Artigo 23.

Son requisitos comúns para a validez da adquisición da nacionalidade española por opción, carta de natureza ou residencia:

- a) Que o maior de catorce anos e capaz para prestar unha declaración por si xure ou prometa fidelidade a el-Rei e obediencia á Constitución e ás leis.
- b) Que a mesma persoa declare que renuncia á súa anterior nacionalidade. Quedan a salvo deste requisito os naturais de países mencionados no punto 1 do artigo 24.
- c) Que a adquisición se inscriba no Rexistro Civil español.

Artigo 24.

1. Perden a nacionalidade española os emancipados que, residindo habitualmente no estranxeiro, adquiren voluntariamente outra nacionalidade ou utilicen exclusivamente a nacionalidade estranxeira que tivesen atribuída antes da emancipación. A perda producirase unha vez que transcorran tres anos, contados, respectivamente, desde a adquisición da nacionalidade estranxeira ou des-

de a emancipación. Non obstante, os interesados poderán evita-la perda se dentro do prazo indicado declaran a súa vontade de conservaren a nacionalidade española ó encargado do Rexistro Civil.

A adquisición da nacionalidade de países iberoamericanos, Andorra, Filipinas, Guinea Ecuatorial ou Portugal non é bastante para producir, conforme este punto, a perda da nacionalidade española de orixe.

2. En todo caso, perden a nacionalidade española os españois emancipados que renuncien expresamente a ela, se teñen outra nacionalidade e residen habitualmente no estranxeiro.

3. Os que tendo nacido e residindo no estranxeiro teñan a nacionalidade española por seren fillos de pai ou nai españois, tamén nados no estranxeiro, cando as leis do país onde residan lles atribúan a nacionalidade del, perderán, en todo caso, a nacionalidade española se non declaran a súa vontade de a conservaren ante o encargado do Rexistro Civil no prazo de tres anos, contados desde a súa maioría de idade ou emancipación.

4. Non se perde a nacionalidade española, en virtude do disposto neste precepto, se España se atopase en guerra.

Artigo 25.

1. Os españois que non o sexan de orixe perderán a nacionalidade:

- a) Cando durante un período de tres anos utilicen exclusivamente a nacionalidade á que declaren renunciar ó adquiri-la nacionalidade española.
- b) Cando entren voluntariamente ó servicio das armas ou exerzan cargo político nun Estado estranxeiro contra a prohibición expresa do Goberno.

2. A sentenza firme que declare que o interesado incorreu en falsidade, ocultación ou fraude na adquisición da nacionalidade española produce a nulidade de tal adquisición, se ben non se derivarán dela efectos prexudiciais para terceiros de boa fe. A acción de nulidade deberá ser exercida polo Ministerio Fiscal de oficio ou en virtude de denuncia, dentro do prazo de quince anos.

Artigo 26.

1. Quen perdese a nacionalidade española poderá recuperala cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Ser residente legal en España. Este requisito non será de aplicación ós emigrantes nin ós fillos de emigrantes. Nos demais casos poderá ser dispensado polo ministro de Xustiza cando concorran circunstancias excepcionais.
- b) Declarar ante o encargado do Rexistro Civil a súa vontade de recupera-la nacionalidade española.
- c) Inscribi-la recuperación no Rexistro Civil.

2. No poderán recuperar ou adquirir, se é o caso, a nacionalidade española sen previa habilitación concedida discrecionalmente polo Goberno, os que se encontren incurso en calquera dos supostos previstos no artigo anterior.»

Disposición adicional primeira.

As solicitudes de adquisición por residencia e de dispensa do requisito de residencia legal para recupera-la nacionalidade española terán que ser resolvidas no prazo

máximo dun ano desde que tivesen entrada no órgano competente para resolver, transcorrido o cal, sen que recaese resolución expresa, terán que entenderse desestimadas, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de Rexistro Civil.

Disposición adicional segunda.

A causa de perda prevista no artigo 24.3 do Código civil só será de aplicación a quen chegue á maioría de idade ou á emancipación despois da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

19485 *LEI 37/2002, do 8 de outubro, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 4.648.044,15 euros, para o pagamento de indemnizacións derivadas do cumprimento de distintos autos dictados en execución da sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, nos que se recoñece o dereito dos reclamantes a seren indemnizados polos danos ocasionados pola rotura da presa de Tous. («BOE» 242, do 9-10-2002.)*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario ten por obxecto dota-los recursos necesarios para lle dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, que estimou o recurso 455/97, interposto polos afectados polos danos derivados da rotura da presa de Tous (Valencia), acaecida o 20 de outubro de 1982.

A decisión xudicial da sentenza estima o recurso interposto pola representación procesual dos recorrentes, adoptando, entre outros, os seguintes pronunciamentos:

Declara a responsabilidade patrimonial directa da Administración do Estado, por funcionamento anormal

do servizo público no conxunto das actuacións (esencialmente por omisión) determinantes da rotura da presa de Tous (Valencia).

Condena a Administración do Estado a indemnizar-los recorrentes que figuran na parte dispositiva da sentenza, nos danos e perdas producidos polo esborrallamento da presa de Tous que non fosen indemnizados na sentenza dictada pola Sala Segunda do Tribunal Supremo, do 15 de abril de 1997. A determinación e cuantificación líquida realizarase en trámite de execución de sentenza, mediante auto, consonte os criterios sinalados polo Tribunal.

A Administración do Estado está obrigada a aboa-lo xuro legal das cantidades resultantes, desde que foron reclamadas ata o seu completo pagamento.

A mesma sala, Sección e Tribunal dictou corenta e nove autos, en trámite de execución de sentenza, nos que se fixa a cantidade concreta que debe percibir cada reclamante en concepto de indemnización, máis os xuros legais que se xeraren ata o seu completo pagamento.

Coa finalidade de atender-las obrigas derivadas do cumprimento da sentenza e autos aludidos, tramítase este crédito extraordinario.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 4.648.044,15 euros, á sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas», programa 512A «Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 483 «Para atender indemnizacións derivadas da rotura da presa de Tous, en cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 1997».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo crédito que se concede na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ